

CONVOCATORIA DE AXUDAS DE INVESTIGACIÓN EN SAÚDE (HEALTH RESEARCH) 2024 DA FUNDACIÓN “LACAIXA”

Da man da Fundación “la Caixa” iniciase a sétima edición da convocatoria de axudas de Investigación en Saúde -Health Research- 2024 para proxectos de investigación en biomedicina e saúde e que ten carácter internacional. O **peche** automático da convocatoria terá lugar o **16 de novembro de 2023** (ás 14h CET).

O obxectivo é identificar e impulsar as iniciativas máis prometedoras de excelencia científica e de valor potencial e impacto social, tanto en investigación básica como en clínica ou traslacional.

As áreas temáticas nas que se enmarcaran estes proxectos deben ser as de neurociencias, oncoloxía, enfermidades cardiovasculares e metabólicas relacionadas, enfermidades infecciosas e tecnoloxías facilitadoras das catro áreas temáticas anteriores.

Os solicitantes poden ser:

- Organizacións solicitantes (Host Organizations, HO).
- Organizacións de investigación (Research Performing Organizations, RPO).
- Organizacións da sociedade civil. (Civil Society Organizations, CSO).

En canto a dotación económica e as propostas do proxecto:

As propostas do proxecto deben ter unha duración de ata tres anos de execución e poden ser individuais ou en consorcio de investigación.

- Proxectos individuais: presentadas por unha única organización de investigación (organización solicitante) e poden recibir unha contía máxima de 500.000 euros.
- Proxectos en consorcio de investigación: presentadas por un mínimo de 2 e un máximo de 5 organizacións de investigación, coordinadas pola organización solicitante. A contía máxima é de 1.000.000 euros.

Tendo isto en conta, poderase conceder unha axuda global de ata 21.000.000 de euros a distribuír entre todas as áreas temáticas.

A continuación dispoñedes dun pequeno vídeo-resumo e no lateral dereito daquelas ligazóns ou documentos que resulten de interese.

DOCUMENTOS E ARQUIVOS

Bases

Fichas-resumo

PAXINAS WEB

Acceso á web da Fundación

Acceso á web de CaixaResearch